TOUTE UNE NUIT

[Chantal Akerman, 1982,
Bélxica, 87 min., VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección e guión **Chantal Akerman**
Montaxe **Véronique Auricoste, Luc Barnier**
Fotografía **Caroline Champetier**
Son **Ricardo Castro, Daniel Deshays, Henri Morelle, Miguel Rejas**
Música **Hikaru Hayashi**
Elenco **Angelo Abazoglou, Frank Aendenboom, Natalia Akerman, Véronique Alain, Jacques Bauduin, Michèle Blondeel, Philippe Bombled, Ignacio Carranza, Aurore Clément**
Produción **Avidia Films, Paradise Films**
Distribución **Filmin**

Trazando un percorrido por unha vintena de romances fortuítos, Chantal Akerman mergúllase na noite bruxelesa para explorar a aceptación e o rexeitamento amoroso Coa intención de compoñer unha experiencia física máis que narrativa, Akerman prescinde practicamente do son e apoia a súa técnica en longas e distendidas tomas que nos mostran como unha serie de corpos se funden nunha noite de verán.

PROGRAMACIÓN DE XUÑO: TÁNDEM CYRIL SCHÄUBLIN

Tándem é unha iniciativa da distribuidora Lost & Found, concibida como unha carta branca a cineastas con filmes en estrea, que escollen un filme do pasado que influíra na súa obra.

Luns 5 ás 20.30 h
XENTE EN DOMINGO
(Robert Siodmak e Edgar G. Ulmer, 1930, Alemaña, 75 min., VOSG)

Martes 6 ás 20.30 h
DISTURBIOS
(Cyril Schäublin, 2022, Suíza, 93 min., VOSG)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #186
30.5.2023

TOUTE UNE NUIT

CHANTAL AKERMAN

CINECLUBE PONTEVEDRA

BAIXO AS LOUSAS, O ABRAZO SERGEI DANEY

En Bruxelas, toda unha noite, Chantal Akerman urdiu unha tea de araña fílmica. Amores furtivos, embrións de relatos, emoción dos inicios. Filma cando cae a noite, na súa mellor forma.

Chantal Akerman escribíanos regularmente. Poñía o seu enderezo no sobre (*Jeanne Dielman, 23 quai du Commerce, 1080, Bruxelles*), asinaba (*Je, tu, il, elle*), enviábanos novas en inglés (*News from Home*), mesmo concertaba citas (*Les Rendez-vous d'Anna*). As cartas chegaban, algúns tirábanas ao cubo do lixo, outros líanas con paixón. Eu formaba parte máis ben dos «outros». Mais a partir de 1978, nada, remata o correo. Proxectos, si, mais non filmes. Ese foi o «tempo perdido» que debeu nutrir *Toute une nuit*, un filme moi libre, non moi caro e algo extraño. Un dos mellores que fixo.

De que trata? Akerman imaxina que unha noite, en Bruxelas (recoñecible desde o plano inicial, na catedral de Santa Gudula), vai moita calor. Peor: calor húmida. Unha desas noites de verán con gran en 16 mm e coa indiscreción do son directo. No momento en que debían deitarse, unha boa cantidade de homes e mulleres belgas teñen o extraño comportamento que se lles adoita atribuír aos personaxes dun filme de ciencia ficción, dúas horas menos cuarto antes da chegada dos efectos especiais. Resúltalles difícil durmir, e máis aínda durmir sós. A cidade é un boureo de sons hipertrofiados, os cafés néganse a pechar, un hit italiano («L'amore, sai») pégase de verdade.

A eses ruídos «naturais», agréganselles outros. Os dos corpos que, non puidendo máis de desexo enervado, caen pesadamente nos brazos doutros corpos. Lánzanse, apértanse. Unha vez, dúas veces, dez veces. Coma variacións sobre un tema único. Esa noite, ao alzarse o pano, non hai máis que frechazos na penumbra, decisións irreflexivas tomadas ás agachadas, citas a medias fallidas, ideas barrocas, ruído de portas que se abren sobre o ser agardado, zapatos de tacón sobre o asfalto, diálogos sonámbulos, durante toda unha noite o mundo semella gañar na lotaría do desexo.

É a parte divertida do filme, a que confirma que Akerman está máis dotada do que parece para a comedia extravagante, entre Tati e o deseño animado. Coñece a torpeza e a pesadez deses corpos belgas, o seu cansanzo e os seus humores, os seus comportamentos torpes. Toda unha galería de «personaxes» aprehéndese no momento en que é demasiado cedo (ou demasiado tarde) para preguntarlles «que fan na vida». Están no crepúsculo, dispersos nunha noite morna, que os excita como pulgas.

Mais o amor faise en fóra de campo. Moita suor, non pouca sensualidade, nada de sexo. Akerman filma o antes e o despois. Só que o despois leva as pegadas do antes. *Toute une nuit* convértese insensiblemente nun documental sobre as formas do durmir, os rituais, as sabas. Un bigotudo cun conxunto slip-maillot branco dorme de mala maneira no seu diván (é escritor, mais só se saberá pola mañá). Unha muller que xa non é nova abandona de socato o seu marido, que durmía cun pixama azul: vai a un hotel, muda de opinión e volve xunta o pixama azul, trinta segundos antes de que soe o espertador. Un mozo esperta a un compañeiro, un soldado que fuxiu do cuartel e esvara fóra das sabas malvas. A noite é máis longa có desexo, a cámara é máis paciente cá noite, a cidade esperta: Bruxelas vai «bruxelar».

Agardábase o amencer: xa chega. É o mellor do filme. Heroes dúas veces escuros, os nosos «personaxes» fan a súa entrada no día. Vistos a medias, coñecidos a medias. Sabemos ben pouco sobre eles para os ver aínda tal e como son, con restos de sono sobre os rostros, os malos reflexos ante o café que ferve, o esquecemento. Entón, unha banda de son desencadeada rodéaos, como unha illa de ficcións posibles nun mundo (abondo pequeno: Bélxica) sen ficción, un estrondo inerte. Pois a ficción, a verdadeira, a que iría do A ao Z, do «era unha vez» ao «the end», non é para este filme. En *Toute une Nuit*, Chantal Akerman conténtase con filmar do A ao B. Mil veleidades de ficcións recortadas, si; un gran relato, nunca. Se todo círculo non é en realidade outra cousa que unha sucesión de liñas rectas colocadas unha ao carón da outra, velaquí algunhas liñas. Se toda liña non é máis ca unha sucesión de puntos, velaquí algúns puntos. Se todo punto é, no límite, un concepto inmaterial, velaquí un pouco de inmateria. Coñecendo a admiración de Akerman polo cinema de Ozu, non sorprende.

Pódese bosquexar, non obstante, unha obxección: Ozu contaba unha historia. E, no intre do climax, a diferenza dos cineastas occidentais, insertaba os seus famosos planos baleiros —unha pantufla ou a cheminea dunha fábrica— para permitirlle ao espectador respirar en todos os sentidos, e non só no da marcha forzada do relato cara ao seu desenlace (era o mal!). Mais era esta tamén unha época en que contar unha historia se daba por sentado e onde lavar a roupa sucia (en familia) era máis simple. Akerman mostra a roupa (ela ten tamén unha familia —xudea— e mesmo unha nai —que aparece no filme—), mostra a limpeza (o seu talento de cineasta), pero é o ollo do espectador o que quere lavar. É ao espectador a quen quere impedirlle durmir, suxeríndolle que «toda unha noite» é un lapso longo abondo como para que un corpo pase por todos os estados, mesmo os non posibles do desexo e os poucos probables da postura amorosa. Incluído o seu.

Recollido de elumiere.net. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.